

PROTECCIÓN POR DESEMPREGO PARA PERSOAL CON CONTRATOS FIXOS DESCONTINUOS

Santiago 22/11/2021

O **Real Decreto-lei 18/2021**, de 28 de setembro, de medidas urxentes para a protección do emprego, a recuperación económica e a mellora do mercado de traballo, que entrou en vigor o 29/09/2021, regula no seu artigo 7, a **prórroga das medidas de protección por desemprego extraordinarias para persoas con contrato fixo discontinuo** ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas.

Determina que, **poderán acceder á prestación extraordinaria, entre outras:**

- As **persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo** ou contrato indefinido a tempo parcial para desempeñar traballos fixos e periódicos que se realizan en datas certas que, sen haberse visto afectadas por un expediente de regulación temporal de emprego durante a súa última campaña, **viran interrompida a súa actividade con situación legal de desemprego, aínda que teñan dereito á prestación contributiva.**
- As **persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo** ou contrato indefinido a tempo parcial para desempeñar traballos fixos e periódicos que se realizan en datas certas, **que esgoten a prestación contributiva antes do 28 de febreiro de 2022.**
- **A duración:**
 - **Esta prestación extraordinaria estenderase desde o día seguinte á finalización da campaña de actividade ou do esgotamento da prestación contributiva ata o 28 de febreiro de 2022.** Para elo será necesario que a solicitude preséntese dentro do prazo previsto no artigo 268 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (sempre que se solicite dentro do prazo dos quince días seguintes. A solicitude requirirá a inscrición como demandante de emprego).
- **A interrupción:**
 - Pola reincorporación temporal da persoa traballadora a súa actividade. A prestación extraordinaria poderá reanudarse previa solicitude da persoa traballadora que acredite o cese involuntario no traballo por conta propia ou atoparse novamente en situación legal de desemprego, sempre que aquela preséntese **antes do día 28 de febreiro de 2022.**
- **A prestación abonarase:**
 - Por períodos mensuais.
- **Calcularase:**
 - Sobre a mesma base reguladora que a última prestación contributiva por desemprego que a persoa afectada houbera percibido ou, no seu caso, a base reguladora da prestación contributiva.
 - Non obstante, a contía da **prestación extraordinaria** recoñecida ás persoas traballadoras referidas neste artigo se determinará **aplicando, á base reguladora** correspondente, a **porcentaxe do 70 por cento ata o 28 de febreiro de 2022.**

As medidas extraordinarias en materia de protección por desempleo reguladas no artigo 25.6 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, **resultarán aplicables ata o 28 de febreiro de 2022**. A súa aplicación ás persoas que realizan traballos fixos descontinuos realizarase nos seguintes termos:

a) No suposto de que a empresa decida a suspensión do contrato ou a redución da xornada como resultado dun ERTE por FUERZA MAIOR ou un ERTE ETOP, as persoas traballadoras afectadas poderán beneficiarse das seguintes medidas:

- **O recoñecemento do dereito á prestación contributiva por desempleo, aínda que carezan do período de ocupación cotizada mínimo necesario para elo.**
- **Non computar o tempo en que se perciba a prestación por desempleo de nivel contributivo que traia a súa causa inmediata das citadas circunstancias extraordinarias, aos efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos.**

b) As persoas traballadoras que, sen estar na situación do apartado anterior, vexan interrompida a súa prestación de servizos como consecuencia do impacto del COVID-19 durante períodos que, no caso de non haber concorrido dita circunstancia extraordinaria, houberan sido de actividade, e como consecuencia de elo pasen a ser beneficiarios da prestación por desempleo, **poderán volver a percibila, cun límite máximo de 90 días, cando volvan a atoparse en situación legal de desempleo.**

c) As persoas traballadoras que acrediten que, como consecuencia do impacto do COVID-19, non puideron reincorporarse a súa actividade na data na que estaba prevista e foran beneficiarios de prestacións naquel momento, **non verán suspendido o dereito á prestación ou ao subsidio que viñeran percibindo**. Se na data na que deberan reincorporarse á actividade non estivesen percibindo prestacións por desempleo por habelas esgotado, pero acreditasen o período cotizado necesario para obteren unha nova prestación contributiva, a certificación empresarial da imposibilidade de reincorporación constituirá a situación legal de desempleo para o recoñecemento do dereito a dita prestación. Seralles de aplicación a reposición do dereito á prestación prevista en la letra b) de este apartado. (Volver a percibir a prestación por desempleo, cun límite máximo de 90 días, cando volvan a atoparse en situación legal de desempleo).

En caso de non prorrogarse esta prestación extraordinaria, ao seu remate (28/02/2022) para poder solicitar a prestación por desempleo, tería que existir con carácter previo unha nova contratación e posterior suspensión do contrato para poder exercer o citado dereito.